



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Miguel Anxo Fernández

Ramón Nicolás 21 de Xaneiro de 2014

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/01/21/cuestionario-proust-miguel-anxo-fernandez/>

1.– Principal trazo do seu carácter?

– Timidez e constancia. Iso de “o que resiste, gaña”...

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– Honestidade.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Todo o que representa ser un amig@.

4.– A súa principal eiva?

– Incompatible coa burocracia e coa “burrocracia”...

5.– A súa ocupación favorita?

– Ver cine, escribir, gozar da compañía da boa xente.

6.– O seu ideal de felicidade?

– Xuntar todos os meus centos (diría miles...) de libros nunha única biblioteca e perderme nela con boa saúde e gozar do mellor cine da miña videoteca, nunha pequena sala a carón...

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– A morte dun ser querido e unha enfermidade sen remedio.

8.– Que lle gustaría ser?

– O que son, un tipo normal. Pero postos a ser fantasioso: un fulano con poderes para corrixir a estupidez humana no seu concepto máis amplo (que mira que abonda...).

9.– En que país desexaría vivir?

– Xa vivo no mellor país do mundo...

10.– A súa cor favorita?

– Negro, pero a bandeira dos tres cores tamén: vermello, branco e azul...

11. – A flor que máis lle gusta?

– Unha rareza: a flor de toxo ten o seu aquel...

12.– O paxaro que prefire?

– A pomba de Picasso...

13.– A súa devoción na prosa?

– O teórico cinematográfico André Bazin.

14.– E na poesía?

– Non teño preferencia. Todos me parecen heroes da Palabra.

15.– Un libro?

– *¿Qué es el cine?* (André Bazin).

16.– Un heroe de ficción?

– Frank Soutelo.

17.– Unha heroína?

– Non teño unha preferencia concreta.

18.– A súa música favorita?

– Calquera de Jerry Fielding, Georges Delerue e Ennio Morricone, compositores de cine.

19.– Na pintura?

– Son moi ecléctico: desde os impresionistas, a Picasso, Dali e Antonio López. Son historiador da Arte, e iso sácache espontaneidade nas preferencias.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– Os meus pais, currantes toda a vida, de sol a sol.

21.– O seu nome favorito?

– Esa é a pregunta do millón...

22.– Que hábito alleo non soporta?

– Regreso ao principio: a estupidez, a corrupción e a intolerancia.

23.– O que máis odia?

– Prefiro centrar os meus esforzos noutro tipo de sentimentos.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Os ditadores (e hai un carro cheo deles).

25.– Un feito militar que admire?

– Sinto moito dicir que ningún ...

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– Ser invisible.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

– Ou nunha cama de puro apagamento biolóxico ou dun repente.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Unha permanente incredulidade.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– A ignorancia, por abundosa, sobre todo na xestión pública.

30.– Un lema na súa vida?

– A honestidade, con todo o que iso representa.